



Rogos e preguntas do Pleno de febreiro de 2020

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **Sobre a designación de concelleiros nos consellos escolares di que lle consta que a semana pasada houbo un consello escolar na parroquia de Beluso ao que asistiu o Sr. Leal Fariña. Vai asistir só a este ou a todos? Vai existir o correspondente acordo plenario que recolla, no seu caso, este cambio de representante?**

O concelleiro Xosé Leal ademais de ser por designación plenaria representante do Concello do Consello Escolar do IES Illa de Ons, fará no vindeiro pleno o cambio para selo tamén nos Consellos Escolares do CEIP Montemogos en substitución da concelleira Ana Isabel Otero por incompatibilidade horaria co seu traballo e de Tamara Sotelo no CEIP A Pedra ao deixar esta a súa acta de concelleira

Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras.

1. **Cal é a orde ou protocolo para atender os problemas veciñais? Afirmo que hai un veciño en O Viso que pide instalación de sinal de prohibido o acceso, ademais que se canalice a auga porque entra na casa cando chove. Cuestiona a orde de prelación na atención das queixas. Hai unha ex-concelleira súa que limpou unha cuneta e días despois había unha escavadora traballando nesa zona.**

O Sr. alcalde clarexa que está anotada a necesidade de instalar o sinal a que fai referencia, pero non se desatenden. Da por respondida a pregunta.

A Sra. Villanueva Reboiras clarexa que está formulando un problema veciñal moi concreto e ao respecto reitera as preguntas formuladas do seguinte xeito:

- **Que protocolos segue o goberno para atender queixas veciñais?**
- **Todos os veciños son iguais?**
- **Que teñen que facer os veciños de O Viso para que lles fagan caso?**

En canto á primeira pregunta, saliento que as queixas e suxestións veciñais se trasladan á concellaría correspondente para a súa xestión. Logo vanse acometendo en función da súa prioridade. No tocante á segunda, todos os veciños e veciñas son iguais. E por último, a sinal do Viso xa foi colocada hai uns días (a resposta realizouse un mes despois da pregunta)

2. **Pregunta para o concelleiro de Facenda, sobre a xestión tributaria, o concelleiro sempre quixo recuperar a prestación do servizo. Vaino facer?**

A intención do goberno é recuperar o maior número posible dos servizos, pero isto depende das posibilidades reais do Concello. Neste caso concreto habería que agardar a contratar un novo tesoureiro que tería que realizar un plan de viabilidade. Polo tanto, agora mesmo, e coas actuais circunstancias, non poderíamos recuperala.

3. Pregunta para o concelleiro de Facenda, cales son os prazos para a contratación de monitores públicos? Pode dar prazo?

A contratación de persoal depende, en boa medida, das diversas liñas de subvencións, a cuxos prazos nos debemos adaptar. Isto é así tanto para o caso da contratación de socorristas para vixilancia das praias como para os monitores deportivos do verán, entre outras.”